

CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN DIRECTA EXCEPCIONAL OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á ASOCIACIÓN AS SAN LUCAS, CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “FEIRA DE GANDO CABALAR E RAZAS AUTÓCTONAS AS QUENDAS” NA ANUALIDADE 2022 (APROBADO POR RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 7 DE XUÑO DE 2022)

INTERVEÑEN

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con CIF P27000000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e no seu nome, dona Mónica Freire Rancaño, deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude de Resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2019.

E doutra parte, don J. Miguel Souto Cabana, con DNI ***1034**, na súa condición de presidente, actúa en nome e representación da entidade Asociación As San Lucas, en adiante, a beneficiaria, con NIF G27438233 e con sede social na Praza do Concello, 1, de Mondoñedo, con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

MANIFESTAN

Primeiro: Que no vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, aprobado por resolución da Presidencia do 2 de abril de 2020, está prevista a concesión de subvencións, por parte da Deputación de Lugo, para contribuír á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, a través da promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro, como sectores estratéxicos da economía da provincia, pois son xeradores de oportunidades de emprego que redundan na fixación de poboación nas zonas rurais; así como á mellora da competitividade das granxas e explotacións agropecuarias, dos seus produtos e dos seus respectivos transformados ou elaborados; e ao apoio á sustentabilidade, diversificación e multifuncionalidade dos sectores agrario e gandeiro.

Segundo: Que por resolución presidencial de data 7 de xuño de 2022, aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa excepcional outorgada, por importe de 2.200 €, a favor da beneficiaria, Asociación As San Lucas, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Feira de gando cabalar e razas autóctonas As Quendas”, na anualidade do 2022.

Terceiro: Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 4190.48911 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe de 2.200 €, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados da formalización do presente convenio.

Cuarto: A beneficiaria achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

	IV7D4ODMBDZMZGH7SM7TB5HXMQ	Fecha y Hora	08/06/2022 17:04:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	ANDRÉS GARCÍA REY		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D4ODMBDZMZGH7SM7TB5HXMQ	Página	1/10



Quinto: A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local; e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se canalizará a subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial á Asociación As San Lucas, para financiar os gastos derivados da execución da actuación “Feira de gando cabalar e razas autóctonas *As Quendas*”, na anualidade 2022. Esta actuación consiste na organización dunha feira de posta en valor das nosas razas gandeiras autóctonas e das feiras tradicionais, como medio económico de desenvolvemento do medio rural e escaparate dos produtos da nosa terra, facilitándolles un valor engadido.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada

O orzamento inicialmente previsto de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados pola beneficiaria da subvención, á cantidade total de 2.504,60 €.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial, polo que non se poderá esixir a esta entidade responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes que o subscriben conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas:

Da Deputación:

- Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 2.200 €, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que, a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.
- O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.
- En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, debe proceder á redución da parte proporcional da achega económica da Deputación Provincial.
- A ser convidada a intervir en cantos actos públicos se celebren en relación coa actividade subvencionada.

	IV7D4ODMBDZMZGH7SM7TB5HXMQ		Fecha y Hora	08/06/2022 17:04:17	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	ANDRÉS GARCÍA REY				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D4ODMBDZMZGH7SM7TB5HXMQ		Página	2/10	

Da Beneficiaria:

- Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización. Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.
- Deberá incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actuación subvencionada, os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que deberá solicitálos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.
- Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.
- Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitados, a actuación subvencionada e a súa condición de beneficiaria.
- Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.
- Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada.
- Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.
- Achegar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación

A realización da actividade subvencionada será obriga persoal da beneficiaria, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

A beneficiaria poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:

- Que o contrato se celebre por escrito.
- Que a celebración do mesmo sexa autorizada previamente pola Deputación de Lugo.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.

A beneficiaria será responsable de que na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.

A beneficiaria da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

- 1) Que incorran nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.

	IV7D4ODMBDZMZGH7SM7TB5HXMQ	Fecha y Hora	08/06/2022 17:04:17	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	ANDRÉS GARCÍA REY			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D4ODMBDZMZGH7SM7TB5HXMQ	Página	3/10	

- 2) Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- 3) Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
- 4) Que estean vinculadas ca beneficiaria.
- 5) Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada ca beneficiaria deberá cumprirse o seguinte:

- a) Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
- b) Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1.a), a beneficiaria será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas Bases de Execución do Orzamento Xeral vixentes.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte da beneficiaria

A beneficiaria deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo en todas aquelas actuacións, e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo (publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016), a beneficiaria desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivos, campións, etc.), incluídas nesta subvención.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención

Obriga establecida no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de Execución do Orzamento Xeral Vixente.

A beneficiaria deberá achegar, como prazo máximo, o día 31 de marzo de 2023, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que a beneficiaria se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -telematicamente-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen achegarse a mesma, requirirase á beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que a beneficiaria sexa declarada decaído no seu dereito ao trámite correspondente

	IV7D4ODMBDZMZGH7SM7TB5HXMQ	Fecha y Hora	08/06/2022 17:04:17	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	ANDRÉS GARCÍA REY			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D4ODMBDZMZGH7SM7TB5HXMQ	Página	4/10	

(artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2022.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e de rexistro, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada

A xustificación da subvención realizarase mediante a achega, por parte da beneficiaria, da seguinte documentación debidamente asinada pola persoa responsable (ANEXOS que se atopan dispoñibles na páxina web da Deputación de Lugo):

- ANEXO I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos.
- ANEXO II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desagregados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

- ANEXO III. Declaración conxunta

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. Ao respecto:

- Deberán achegarse todos os xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da

	IV7D4ODMBDZMZGH7SM7TB5HXMQ	Fecha y Hora	08/06/2022 17:04:17	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	ANDRÉS GARCÍA REY			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D4ODMBDZMZGH7SM7TB5HXMQ	Página	5/10	

subvención concedida.

- Do resto xustificantes de gasto, deberá achegarse unha mostra que supoña a seguinte porcentaxe en función do número dos mesmos:

. Cando o número de xustificantes de gasto sexa menor ou igual a 10, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 10 % do importe da subvención concedida.

. Cando o número de xustificantes de gasto sexa entre 11 e 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 5 % do importe da subvención concedida.

. Cando o número de xustificantes de gasto sexa superior a 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 2 % do importe da subvención concedida.

No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida acade o importe total subvencionado non será necesario aportar ningunha mostra das sinaladas

- Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 18 de la Lei 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: estas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento)

- Copia das Bases do concurso e da Acta do Xurado resolutiva do mesmo.
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

O centro xestor deberá xuntar á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria copia do ANEXO 1 da solicitude da concesión de subvención.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento destas condicións será causa de perda da subvención concedida por incumprimento das

	IV7D4ODMBDZMZGH7SM7TB5HXMQ		Fecha y Hora	08/06/2022 17:04:17	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	ANDRÉS GARCÍA REY				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D4ODMBDZMZGH7SM7TB5HXMQ		Página	6/10	

obrigas da beneficiaria, de conformidade co sinalado no artigo 37 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora producidos, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

- Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisén.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, de rexistro ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos internacionais.
- Incumprimento das obrigas impostas pola Administración á beneficiaria, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Incumprimento das obrigas impostas pola Administración á beneficiaria, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
- Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Cando o cumprimento pola beneficiaria se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por esta unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.

Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.

O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.

	IV7D4ODMBDZMZGH7SM7TB5HXMQ		Fecha y Hora	08/06/2022 17:04:17	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	ANDRÉS GARCÍA REY				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D4ODMBDZMZGH7SM7TB5HXMQ		Página	7/10	

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita Xurisdición.

Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá comportar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas

Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social da beneficiaria, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concurra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase á beneficiaria desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRIPCIÓN
SECTOR ECONÓMICO	94.9	Outras actividades asociativas
FINALIDADE	18	Outras actuacións de carácter económico
		Nulo. Cando, non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres, non se prevexa modificación algunha desta situación
IMPACTO DE XÉNERO	2	
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega de diñeiro sen contra-prestación

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>.

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos

A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, a beneficiaria poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

	IV7D4ODMBDZMZGH7SM7TB5HXMQ		Fecha y Hora	08/06/2022 17:04:17	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	ANDRÉS GARCÍA REY				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D4ODMBDZMZGH7SM7TB5HXMQ		Página	8/10	

Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio

O convenio extingüese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Cando concorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso, as partes asinantes poderán acordar a continuación e finalización das citadas actuacións, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun máximo dun ano, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais

Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio e modificación

A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2022, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2024, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2023, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar e das obrigas que incumban á beneficiaria, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva.

Décimo quinta.- Carácter do convenio

O presente convenio ten carácter administrativo e rexerase, ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no Regulamento Orgánico da Deputación, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación.

Décimo sexta.- Plan de auditoría

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación,

	IV7D4ODMBDZMZGH7SM7TB5HXMQ		Fecha y Hora	08/06/2022 17:04:17	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	ANDRÉS GARCÍA REY				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D4ODMBDZMZGH7SM7TB5HXMQ		Página	9/10	

tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución pola beneficiaria das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia pola beneficiaria das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, solicitar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Décimo sétima.- Cuestións litixiosas

As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á Orde Xurisdiccional Contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 10 páxinas numeradas, do que como secretario dou fe.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto do 15/10/2019
A deputada delegada da Área de
Medio Rural e do Mar, e Mocidade

O PRESIDENTE DA
ASOCIACIÓN AS SAN LUCAS

Mónica Freire Rancaño

J. Miguel Souto Cabana

O SECRETARIO XERAL

José Antonio Mourelle Cillero

**Borrador asinado dixitalmente polo técnico de xestión da
Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade**

Andrés García Rey

	IV7D4ODMBDZMZGH7SM7TB5HXMQ		Fecha y Hora	08/06/2022 17:04:17	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	ANDRÉS GARCÍA REY				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D4ODMBDZMZGH7SM7TB5HXMQ		Página	10/10	